



DEPORT/2019/12

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **20 DE NOVEMBRO DE 2019**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DUN SEGUNDO PRAZO DE SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2019, Á VISTA DO ACORDO DA XGL EN SESIÓN CON DATA 18 DO PRESENTE MES, EN RELACIÓN AOS RECURSOS DE ALZADA PRESENTADOS, ASÍ COMO DAS DIFICULTADES TÉCNICAS AO SER O PRIMEIRO ANO DA TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA DA DEVANDITA CONVOCATORIA.**

Dáse conta polo Sr. presidente do acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión con data 18/11/2019, relativo aos recursos dealzada presentados polos Clubes/Entidades Deportivas: Club Arosa, S.C. e Club San Martín contra o acordo do Consello Reitor en sesión con data 09/10/2019 da aprobación das concesións de subvención conforme ás bases da Convocatoria de subvencións destinadas ao FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2019, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2017/18 OU, ANO 2018. No que sinala os motivos presentados nos citados recursos e as dificultades técnicas observadas na tramitación do devandito expediente, ao ser o primeiro ano da tramitación electrónica na devandita convocatoria. Polo que se aprobou remitir novamente ao Consello Reitor o citado expediente para a súa revisión e aprobación, se procede, das concesións de todos os Clubes/Entidades Deportivas que non se lles concedeu subvención.

.....

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar dada a dificultade técnica ao ser o primeiro ano da tramitación electrónica



e excepcionalmente, un novo prazo improrrogable de **DEZ DÍAS hábiles**, para que acheguen a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados conforme informe da secretaría e intervención delegadaa, facéndolles saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude arquivarase sen máis trámite, aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e, facultar ao Sr. presidente para a aprobación das concesións de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que presenten correctamente a súa documentación:

- CLUB AROSA, S.C..- Faise constar que foir presentado no recurso de Alzada o certificado positivo da Axencia Estatal Tributaria.

. CLUB DEPORTIVO PEREZ SUB.- Deberá presentar toda a documentación requerida na notificación de subsanación.

- CLUB ATLETICO VILAXOÁN.- Deberá presentar toda a documentación requerida na notificación de subsanación.

- CLUB SAN MARTIN.- Deberá presentar novamente o anexo II, declaración da subvención da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 1.304,48 €, publicada no BOP con data 19/07/2018.

- CLUB ATLÉTICO AROUSANA.- Deberá presentar a Breve Memoria explicativa da actividade asinada dixitalmente polo/a representante.

- ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA.- Deberá presentar novamente o anexo II, declaración da subvención da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, por importe 1.111,22 €, publicada no BOP con data 19/07/2018.

- CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA.- Deberá presentar a Breve Memoria explicativa da actividade con expresión detallada de gastos e ingresos asinada dixitalmente polo representante.

- CLUB DEPORTIVO VILAGARCÍA TENIS DE MESA.- Deberá presentar toda a documentación requerida na notificación de subsanación.

Así como os Clubes/Entidades Deportivas:

. CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB

. CLUB ATLETICO VILAXOÁN

. CLUB DEPORTIVO VILAGARCÍA TENIS DE MESA

Deberán presentar as certificacións de estar ao corrente dos pagos coas administración públicas que a continuación se relacionan:

Recadación Municipal do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa

Seguridade Social



Axencia Tributaria Estatal  
Consellería de Economía e Facenda

Asemade conforme á Resolución do 16 de maio de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que aproban a convocatoria e bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas, ano 2019, publicadas o pasado día 27/05/2019, de ser o caso, **os Clubs/Entidades Deportivas deberán presentar o anexo II, indicando a declaración da subvención concedida pola Xunta de Galicia na devandita convocatoria e publicadas no DOG con data 07/10/2019.**

2.- Unha vez aprobada e notificada a Resolución das concesións de subvención, apróbase por motivos de urxencia (ao estar a finalizar o exercicio contable do ano 2019), como prazo de xustificación da presentación **da Conta Xustificativa (con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención)**, un prazo improrrogable de **CINCO DÍAS HÁBILES** e, no caso necesario, unha vez revisados os expedientes e se verifique que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requírase ao solicitante para que no prazo improrrogable de **CINCO DÍAS NATURAIS**, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite.

3.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubs/Entidades Deportivas que teñan correcta a súa documentación xustificativa.

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de novembro de dous mil dezanove.